



1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Sistemas de Interpretación
DISCIPLINA	Sistemas de Interpretación I
TITULACIÓN	Título Superior en Arte dramático
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Xestual
CURSO	3º (1º cuatri.)
CRÉDITOS ECTS	4
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	Lucía Hernández Fernández
DOCENTES	Nome e apelidos: Lucía Hernández Fernández Horario titorías: Despacho: D2 Contacto: Lucía Hernández Fernández
	Nome e apelidos: Horario titorías: Despacho: Contacto:
DESCRIBIÓN	Estudio práctico e teórico dos diferentes estilos e métodos en interpretación.
COÑECEMENTOS PREVIOS	
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T14	Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE	

E11	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E12	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretalo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E13	Integrar e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E15	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Ampliar os recursos expresivos, interpretativos e creativos do estudante a través dunha análise do movemento aplicado ao xogo actoral.	T1, T6, T11, X5, X8, E11, E12
2. Desenvolver o nivel pre-expresivo a partir da gradación do uso da enerxía e a súa irradiación en escena.	T1, T6, T15, X3, X4, E11, E12
3. Afianzar os principios do deseño corporal do teatro do xesto	T1, T6, T7, T15, T16, X3, X5, E11, E12, E13
4. Descubrir a intensidade corporal por medio do uso dos esforzos humanos aplicados aos distintos niveis de tensión nunha situación dramática.	T1, T6, T11, T16, X3, X4, E11, E12
5. Comprensión dos principios do corpo no espazo. Funcionamento do coro en relación á escoita e atención escénica así como ao sentido compositivo grupal	T1, T11, T16, X3, X4, X6, E11, E13
6. Desenvolvemento do sentido de xogo escénico a partires da improvisación e aos procesos de creación	T1, T7, T11, T12, T15, T16, T17, X3, X5, X7, E11, E12, E13, E15
7. Aplicación práctica das nocións fundamentais relacionadas coa dramaturxia actoral en escena.	T1, T6, T7, T11, T13, T15, T16, T17, X3, X4, X5, E11, E12, E13

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Técnicas interpretativas no contexto do teatro xestual		
2. Exploracións psico-físicas		
TOTAL SESIÓNS		

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Actividades introdutorias	3		3
Exposición maxistral	3	5	8
Exposición práctico-teórica	5	10	15
Práctica individual	10	20	30

Práctica colectiva	5	15	20
Obradoiro	5	10	15
Seminarios			
Actividades complementarias	3	5	8
Outros			
Titorías individuais	7		7
Titorías de grupo			
Actividades de avaliación. Probas	1		1
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	2	10	12
Actividades de avaliación. Revisión	1		1
TOTAL	45	75	120
PORCENTAXE	%		

6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSEÑANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Presentacións/exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante
Debates	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontaos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais
Titoría en grupo	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe. Ensino baseado en proxectos de aprendizaxe: Método no que os estudantes levan a cabo a realización dun proxecto nun tempo determinado para resolver un problema ou abordar unha tarefa mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólense en espazos especiais con equipamento especializado (laboratorios científico-técnicos, de idiomas, etc).

7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Titoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inquedanzas que xurdan en cada caso. <i>Titoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

O alumno deberá establecer unha comunicación previa co docente, mínimo seis semanas antes da data do exame, para aclarar e concretar a estrutura e as particularidades do seu exame.

8.1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Prácticas diarias tanto individuais como colectivas	T3,T5,T8,X1,X3, X5, X6, X8,EI1,EI2	40%
Participación nos debates e foros grupais nos que se analizarán as presentacións realizadas en clase e lecturas propostas	T1,T3,T6,T7,T8,T11,T15,X1,X5,X6,X8,EI1,EI2,EI3,EI5	30%
Presentacións	T8,T11, T15, T17,X1,X3, X4	30%

8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Análise de espectáculos	T2,T3,T7,X6, X8,EI1,EI2, EI3	30%
Presentación teórico-práctica do proxecto de investigación	T1,T8,T11,T15,X1,X5,X6,X8,EI1,EI2, EI3,EI5	40%
Memoria escrita	T6,T8,X3,X4, X5	20%
Entrevista persoal	T6,T8,G3,X4, X5	10%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Análise de espectáculos	T2,T3,T7,X6, X8,EI1,EI2, EI3	30%
Presentación teórico-práctica do proxecto de investigación	T1,T8,T11,T15,X1,X5,X6,X8,EI1,EI2, EI3,EI5	40%
Memoria escrita	T6,T8,X3,X4, X5	20%
Entrevista persoal	T6,T8,G3,X4, X5	10%

9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

REFERENCIAS BÁSICAS

RIVERA, Alfonso (2019). *Teatro físico: lana revolución de lanas formas*. Madrid: Ed. Fundamentos
 RUIZ, Borja (2008). *El arte del actor en el siglo XX*. Bilbao: Artezblai

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

BARBA, Eugenio (1994). *El arte secreto del actor. Diccionario de antropología teatral*. Bilbao: Artezblai.
 BOGART, Anne (2007). *Puntos de vista escénicos*. Madrid: ADE.

CHEJOV, Michael (2006). *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona: Alba Editorial. FELDENKRAIS, Moshe (1985). *Autoconciencia por el movimiento*. Barcelona: Paidós. LEABHART, Thomas (1998). *Modern and Postmodern Mime*. Methuen: London.

LECOQ, Jacques (2003). *Él cuerpo poético*, Barcelona: Alba Editorial.

OIDA, Yoshi y MARSHALL, Lorna (2010). *Los trucos del actor*. Barcelona: Alba Editorial. SUZUKI, Tadashi (2003). *The Way of Acting*. New York: Theatre Communications Group. TORRES, Javier de (1999). *Las mil caras de el mimo*. Madrid: Editorial Fundamentos.

ZARRILLI, Philip (2009) *Psychophysical acting; an intercultural approach after Stanislavski*, New York: Routledge

10. OBSERVACIÓNS / RECOMENDACIÓNS

A materia de Sistemas de Interpretación está vinculada conceptual e metodoloxicamente coa súa materia correlativa aínda que cada unha teña a súa propia nota.

DISCIPLINAS CON CONTIDOS PROGRESIVOS: Para ser avaliado nesta disciplina, hai que ter aprobadas as disciplinas anteriores coa mesma denominación.

A materia de Prácticas de Interpretación está vinculada conceptual e metodoloxicamente coa súa materia correlativa aínda que cada unha teña a súa propia nota.

Durante as sesións traballarase sobre un ou varios aspectos do programa de forma acumulativa e interrelacionada.

O alumno deberá asistir a clase con roupa de traballo cómoda e un caderno para tomar notas.

A asistencia diaria e a puntualidade son condicións indispensables para a correcta avaliación do alumno.

O exame de avaliación extraordinaria será deseñado polo profesor de forma específica. A presentación do alumno a esta proba debe ser acordada previamente co profesor así como o tempo, formato da proba e medios a empregar.

O alumnado que perda o dereito á avaliación continua será avaliado segundo o procedemento que se establece na programación docente anual.

Os procedementos de atención á diversidade serán recollidos na programación docente anual.

LAS PRESENTES MEDIDAS PODRÁN SER OBJETO DE MODIFICACIÓN EN FUNCIÓN DE LAS DIRECTRICES O INTRUCIONES QUE PUEDA HACER PÚBLICAS LA ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA, QUE SE COMUNICARÁN EN TEMPO Y FORMA AL ALUMNADO POL LOS CANALES HABITUAIS (PÁGINA WEB Y CORREO ELECTRÓNICO).